

ANIMAIS BENEFICIOSOS

M^a Montserrat Castro Poceiro

Falabamos nun anterior número da revista de insectos beneficiosos tales como cabalos do demo, xoaniñas, abellas, avespas... e agora imos tratar sobre outros animais beneficiosos. Moitos deles son mal vistos e ameazados polo home como os sapos, as curuxas, escáncer,... e outros pola contra son ben queridos, ourizo, miñoa,... duns e doutros faise unha pequena descrición e coméntase porqué nos resultan beneficiosos.



CURUXA CURUXA

Nome científico: Tyto alba

Nome en castelán: lechuza

Tamaño: entre 30 cm de lonxitude e 90 cm de envergadura

Lonxevidade: 2 anos

Hábitat: edificios en ruínas, campanarios, covas, tellados, pombais,...

Nas noites tranquilas en lugares preto do monte é común escoitar o canto da curuxa. Un son característico semellante a un asubío ou un siseo cando se sente ameazada. Por desgraza, trátase dunha ave rapaz non moi prezada na cultura tradicional galega, pois nas aldeas o cantar dunha curuxa na noite viña sendo sinal de mal agoiro. —“ou, anda a curuxa a cantar, mal asunto”- Máis lonxe das malas crenzas, este animal ten unha dieta do máis beneficiosa para os agricultores.

Non é difícil ver voar esta ave pola noite. Semella ser de cor branca, de aspecto fantasmal. O certo é que ten unha cor parda dourada cunhas manchiñas grises coma pingas moi significativas. A súa plumaxe é moi suave, aveludada o que fai que o seu voo sexa moi silencioso parecendo incluso que o animal flotase no aire en vez de bater as ás.

A curuxa conta cunha “cara” moi peculiar. Ten o que se coñece como “disco facial” en forma de corazón enmarcado por unha liña de plumas moi curtiñas de cor pardo. É plana, cuns ollos grandes de cor negro e pico branco, forte e curvado e que soe quedar oculto baixo as plumas.

No caso das curuxas é moi fácil coñecer a súa dieta pois teñen un xeito de comer moi curioso e cando se alimentan, comprimen e regurxitan en forma de pelotas partes non dixeribles formadas por restos de alimentos, pelo, ósos, e plumas. Do estudio destas sabemos que as curuxas se alimentan principalmente de insectos, pequenos paxaros, anfibios, réptiles e, o máis beneficioso para os agricultores, de pequenos ratos, ratas, toupas.



MOUCHO

MOUCHO (Bufo)

Nome científico: Bubo bubo

Nome en castelán: Búho

Tamaño: entre 30-70 cm de alto e 1'4-1'7 m de envergadura

Lonxevidade: en liberdade ata 20 anos


Hábitat: bosques frondosos, pendentes rochosas con vexetación

A rapaz nocturna de maior tamaño é o moucho, trátase dunha ave de gran beleza. Os seus ollos son grandes cun iris cor laranxa e teñen uns mechóns de plumas moi característicos aos lados da cabeza. Teñen un pescozo moi flexible que poden xirar ata 270 graos, o que lle facilita unha boa visión lateral, xa que, a pesar de teren uns ollos moi grandes estes están orientados cara adiante e precisan xirar a cabeza para ver cara os lados. Por tratarse dunha ave nocturna o seu oído xoga un papel moi importante para dar caza ás súas presas na escuridade. Grazas ás súas finas plumas o bater das súas ás é moi silencioso e xunto coa súa agudeza visual apresará unha boa tallada elle tarefa moi doada.

Coma a maioría das aves rapaces nocturnas non son ben recibidos os seus cantos xa que a xente relaciónaos coa morte chegando a pensar que a ventan.

E de que se alimenta esta ave? A súa dieta está baseada en animais vivos, dende pequenos insectos ata mamíferos do tamaño dun coello. As súas presas poden estar no chan ou ás veces, poden ser cazadas en pleno voo. É aquí onde podemos ver os beneficios para a agricultura, pois un dos seus bocados preferidos son as ratas e os ratos que tantas desfeitas fan nas colleitas. Do mesmo xeito, tamén lle resultan de bo agrado lebres, coellos, ourizos, pombas, insectos, toupas...etc.

Asemade, en xeral podemos considerar que todas as aves rapaces son depredadoras de pequenos roedores e doutros animalíños prexudiciais para as colleitas.



SAPO

SAPO COMÚN

Nome científico: Bufo bufo

Nome en castelán: sapo

Tamaño: entre 6-9 cm e poden acadar incluso os 20cm

Lonxevidade: ata 20 anos en cautividade

Hábitat: bosques, terreos de labor, altas montañas, en xeral lugares con correntes de auga lentas

Debido ao seu aspecto pouco agraciado, o sapo común é un animal pouco prezado. A súa pel rugosa, con verrugas e de aspecto áspero foi fonte de numerosas lendas negras en torno a este anfibio. Sempre se escoitou que os sapos non se podían tocar, que eran venenosos, que tiñan pezoña, que che botan o aire, cousas como que se che caía a pel, ou que se os collías ouriñábanche nos ollos, ou que os ouriños producían verrugas,... todos eles contos. Lerias que, como veremos agora, teñen certa base científica.

Os sapos adultos teñen unhas glándulas situadas enriba do tímpano, son chamadas glándulas parótidas e segregan un leite tóxico que fan que resulten desagradables e incluso mortais para os depredadores que os intenten tragar. Mais, aparte da toxicidade da pel e das secrecións venenosas, presentan outro mecanismo de defensa moi curioso, que consiste en


inflarse de aire e aumentar o seu volume de tal xeito que resulta moi difícil que sexan engulidos por outros animais como por exemplo serpes.

No caso do sapo común non se coñecen casos de envelenamento en humanos, o que si pode pasar e que se produza algún tipo de reacción alérxica sen importancia.

En xeral teñen un aspecto robusto, de cabeza pequena en proporción co tamaño do corpo, ancha, aplanada e cun arco da cella moi marcado. As súas patas dianteiras son curtas con catro dedos, e as traseiras son máis longas e con cinco dedos con membranas interdixitais. Normalmente desprázanse andando aínda que tamén teñen capacidade para saltar.

Ata aquí vemos que os sapos son animais totalmente inofensivos, e non só iso, como a maioría dos animais dos que se fala neste artigo, a súa dieta é moi beneficiosa. Pois aliméntase de insectos, ratos de campo, lesmas, larvas,...

Dicir que aquí falamos dos sapos por ser, en xeral, animais mal vistos, pero aclarar que as súas curmás as ras, que xa non son animais de mala fama, son igual de beneficiosas alimentándose practicamente do mesmo xeito cos sapos.



OURIZO

OURIZO

Nome científico: Erinaceus europaeus

Nome en castelán: erizo

Tamaño: entre 12-30 cm de longo e de 12 a 15 de alto

Lonxevidade: de 5 a 7 anos

Hábitat: bosques, terreos cultivados, matorrais

Os ourizos son uns animalíños que non son rexeitados polo ser humano, son moi apreciados. Estes pequenos mamíferos soen atoparse nas inmediacións das poboacións

rurais e non é de estraño que algún incluso chegue a acercarse a algunha casa, incluso os campesiños cóllenos e lévanos para as súas hortas pola fama que teñen de eliminar ratos e lesmas

Pero, a pesar de ser ben recibidos moitos deles sofren ameazas indirectas por parte do home morrendo un gran número atropelados nas estradas. A parte diso teñen os seus propios inimigos naturais como o raposo, xabarín, mouchos, curuxas, aguias rateiras,...

O ourizo é un mamífero de aspecto rechonchiño cunha envoltura de púas e unha cara miúda. Ten un fociño alargado acabado en punta e uns ollos redondos e pequenos de cor escura. As súas orellas tamén son pequenas e redondeadas e están recubertas de pel. Contan con catro patas nas que presentan cinco dedos con garras. Nas patas, na barriga e na cara están recubertos de pelo. No resto do corpo teñen un manto de case 5.000 púas.

As púas soen medir uns 3cm de lonxitude. Debaixo de cada unha delas teñen músculos que fan que, ou ben as púas se manteñan erguidas ou estean relaxadas. Cando o ourizo detecta algunha ameaza este adopta forma de bola, escondendo baixo o manto a cabeza e as extremidades. Ao mesmo tempo, os músculos encárganse de erguer as púas que se entrecruzan unhas con outras formando un escudo moi difícil de penetrar. Este manto, ademais de escudo tamén lle serve para amortecer golpes xa que na súa base as púas son moi flexibles.

O ourizo é un animal omnívoro, é dicir, aliméntase tanto de animais como de plantas. (contan que se deitan no chan e cravan froitas no lombo para logo comelas na súa gorida. Este pequeno mamífero conta cun olfacto que lle permite detectar presas enterradas ata 3cm. Na súa dieta atopamos landras, castañas,... pero tamén lesmas, miñocas, cempés, escaravellos,...

ESCÁNCER **ESCÁNCER**

Nome científico: Chalcides striatus

Nome en castelán: eslazón


Tamaño: ata 40 cm

Lonxevidade: de 7 a 9 anos

Hábitat: lugares con herba, humidade e sol

Falamos aquí do escáncer porque é un animal que se ten visto nas estradas, atropelado polos coches ou ben malferido polo ataque do home. O problema é que o

escáncer é confundido a meirande parte das veces cunha serpe, de aí o seu tráxico final cando cae nas mans do ser humano. Mais lonxe da realidade este animalíño non ten nada que ver coas serpes, trátase dun réptil da familia dos lagartos e por suposto, nin ten veneno nin fai ningún mal.



Un aspecto importante a ter en conta é que o escáncer é unha especie endémica da Península Ibérica, é dicir, non existe en ningún outro lugar. Polo tanto non se debe perseguir, máis ben debe ser protexida.

É certo que estes réptiles teñen aspecto de serpe, cabeza pequena, con fociño redondeado, corpo con forma de cilindro alargado que remata cunha cola máis estreita e recuberto de brillantes escamas que lle dan certo aspecto prateado. Pero teñen unha gran diferenza coas serpes, xa que teñen patas. Unhas patas diminutas que soen pasar desapercibidas, de aspecto case atrofiado e con tres dedos. Están situadas cara o medio do corpo e teñen dúas dianteiras e dúas traseiras. Isto fai que sexan especies moi áxiles e rápidas cando se desprazan.

A súa alimentación resúltanos moi beneficiosa. Come escaravellos, miñocas, caracois, lesmas, arañas, moscas, mosquitos e larvas de moitas especies de insectos.

MIÑOCA **MIÑOCA**

Nome científico: lumbricidae (Familia)

Nome en castelán: lombriz

Tamaño: entre 9 e 30 cm

Lonxevidade: entre 4 e 6 anos

Hábitat: terras húmidas, marxe dos ríos, terras de cultivo,...


As miñocas forman parte da familia dos anélidos, teñen un corpo de sección cilíndrica e non posúen esqueleto. Viven na terra, onde escavan galerías. Cando vexamos miñocas nas nosas terras, podemos quedar tranquilos, son animais moi beneficiosos, pois as terras nas que viven son moi fértiles e ricas en nutrientes o que fan que sexan moi boas para o cultivo.

Estes pequenos animais, grandes aliados do labrego, soen facer túneles e galerías mentres van dixerindo partículas e restos de materia orgánica. Desta forma removen e airean o solo facendo que sexa máis fértil debido aos seus propios excrementos nitroxenados. Son moi voraces chegando a comer ata un 90% do seu propio peso pero non teñen dentes.

De todo o que comen excretan ata un 60% convertido nun nutriente chamado lombricompost ou humus de miñoa e que non é outra cousa máis que materia orgánica procesada polo sistema dixestivo da miñoa. Este abono é rico nos tres principais nutrientes das plantas, nitróxeno, fósforo e potasio, e mellora considerablemente as características do solo para a produción de cultivos, froiteiras ou como compoñente na preparación de sustrato para plantar plantas.

Como curiosidade, dicir que o corpo da miñoa ten un alto contido proteico co que se pode facer fariña sendo un bo alimento de diversas especies de animais coma aves e peixes. Ademais tamén aporta aminoácidos e diversas vitaminas o que fixo que levasen a cabo unha serie de investigacións para chegar a preparar galletas mesturando manteiga, cacao, ovos, azucre, leite, noces e fariña de trigo obtendo así galletas moi nutritivas. Mais para comer estas galletas teremos que cambiar esa idea da miñoa como animal sucio e repugnante.

Engadir que a lombricultura parece ser unha boa alternativa para o manexo do lixo orgánico das poboacións e dos estercos de gando bovino, porcino e de aves.



MUSARAÑA

MUSARAÑA COMÚN

Nome científico: soricidae (Crocidura russula)

Nome en castelán: musaraña

Tamaño: entre 3 e 8 cm

Lonxevidade: un ano


Hábitat: bosques de folla caduca, terras de cultivo húmidas, xardíns, parques,...

As musarañas son uns mamíferos moi parecidos aos ratos. Cousa que non lle favorece moito, pois cando

os labregos atopan estes pequenos mamíferos no campo case sempre os matan. E o caso é que cometen un erro, pois trátase dun animal insectívoro que resulta beneficioso para os campos e os montes.

Son mamíferos de pequeno tamaño, case sempre máis pequenos ca os ratos, pero a principal diferenza con este roedor é que teñen un focíño largo e estreito rematado en punta. Os seus ollos son pequenos e están cara aos lados, e contan cunhas orellas non moi grandes e redondeadas.

Levan unha vida moi activa, inxerindo grandes cantidades de alimento –ata un 50% do seu peso- e chega a resultar curioso que incluso poden morrer se botan máis de catro horas sen comer. O seu alimento principal son os insectos pero tamén pode comer vermes, miñoas, lesmas, caracois,... claro que, tamén eles resultan un bo bocado para certas aves como as rapaces nocturnas.



PÍNTEGA

PÍNTEGA

Nome científico: Salamandra salamandra

Nome en castelán: salamandra


Tamaño: entre 12 e 30 cm

Lonxevidade: ata 25 anos

Hábitat: lugares húmidos, rochas... foxen de lugares secos

As pínegas son animais de corpo ancho, alargados e cunha cola máis estreita. Posúen catro patas curtas pero grosas. O seu corpo está recuberto dunha pel brillante e lisa de cor negra e con manchas amarelas. Estas manchas son uns mecanismos de defensa para indicarlle aos posibles depredadores que se trata dun animal perigoso. Para defenderse dos seus cazadores contan cun mecanismo de defensa baseado nunhas glándulas repartidas polo corpo que segregan un líquido denso e de cor tirando a branca. Se collemos unha pínega este líquido pode provocarnos irritacións en lugares delicados como boca, nariz, ollos,... pero non é nada grave.

Polo seu aspecto, por crenzas moi esaxeradas sobre o veneno da súa pel, e de que botan alento estes anfibios están mal vistos e cando no seu camiño se cruzan con humanos non soen saír moi ben parados. Mais, coma en case tódolos casos aquí comentados, estes animais teñen unha alimentación que de novo nos libra dalgúns animalíños prexudiciais para as terras de cultivo. Soen comer pequenos insectos, vermes, miñocas...pero o seu bocado favorito son as lesmas e os caracois que tantos estragos fan.



MORCEGO

MORCEGO COMÚN

Nome científico: Pipistrellus pipistrellus

Nome en castelán: murciélago

Tamaño: entre 3 e 5 cm. Envergadura das ás entre 20 e 25 cm

Lonxevidade: uns cinco anos

Hábitat: ocos de árbores, rochas, gretas de edificios, casas vellas,...

Existen numerosas especies de morcegos, e máis da metade das especies que se coñecen en Europa están en Galicia. Fálase aquí do morcego común deixando moitas cousas atrás sobre outras especies que habitan as nosas terras.

O morcego é o único mamífero capaz de voar. Ten a cara pequena, cun fociño curto e orellas triangulares con vértices redondeados. Moitas das especies teñen as orellas grandes con engurras para facilitar a súa capacidade de ecolocación, da que falaremos máis adiante. Polo xeral, teñen entre 20 e 38 dentes. Os seus ollos son pequenos e pouco desenrolados pero a pesar das crenzas populares a grande maioría non son cegos. Moitas veces a súa cara é semellante a dos ratos e de feito, etimoloxicamente a palabra morcego ven significando "rato cego"

Está provisto de dúas ás en forma de membrana de cor castaña e sen pelo. O resto do corpo está recuberto dunha pelaxe miúda de cor castaña escura. Teñen dúas patas que se proxectan cara aos lados, o que fai que teñan un andar bastante torpe. Sen embargo, estas patas sonlle de gran utilidade para colgarse boca abaixo das ramas dos árbores ou dos teitos das casas abandonadas onde soen habitar.

Mencionouse –liñas arriba– a ecolocación. Pois ben, a maioría dos morcegos emiten ultrasóns coa súa farinxe. É dicir, unha serie de ondas que se transmiten no aire e que chocan e rebotan cando se atopan con obstáculos, ben paredes, postes, farolas ou ben presas. Empregan as súas orellas para percibir os ecos (as ondas que rebotan) e así coñecer con exactitude a distancia á que se atopan dos obstáculos.

Pero, de novo, o que máis nos interesa neste artigo é a alimentación destes mamíferos. Habendo tantas especies de morcegos, os seus hábitos alimenticios son moi variados. Sen embargo destacamos aquí o feito de que son insectívoros. É moi común atopalos nas noites de verán dando voltas ás farolas en busca de insectos, sendo uns dos seus favoritos os mosquitos.

Sobre os morcegos existen numerosas lendas que os relacionan cos vampiros, que din que son chupadores de sangue. Por unha banda algo de razón si teñen, pero en realidade só existen tres especies que se alimenten de sangue e todas elas habitan en América. E para a nosa tranquilidade aliméntanse de sangue de gando, aves, cans, e non de sangue humana.

Ata aquí falouse dalgúns animais que nos resultan beneficiosos. Hai moitos máis que aquí non se mencionan pero que de igual xeito son bos aliados dos labregos.

Espero que despois de coñecer algo máis sobre a vida e beneficios destes animais, sexamos un pouco máis conscientes e respectemos a súa presenza.

Como anécdota comentar que tanto sobre curuxas, mouchos, sapos, píntegas caen lendas escuras e que están relacionados con todo tipo de feitizos. De feito, se lembramos o conxuro da queimada fai referencia a estas aves: "*Mouchos, coruxas, sapos e bruxas. Demos, trasnos e diaños, espíritos das neboadas veigas, corvos, píntegas e meigas, ...*"